



## Resolución da Alcaldía

O Concello de Ponteceso aprobou a O.P.E. de 2018 mediante a resolución da alcaldía núm. 575/2018, de 21-11-2018, a cal foi publicada no BOP núm. 224 do 23-11-2018, na que constan dúas prazas. A primeira Administrativo de Administración Xeral- Xefe Unidade Administrativa, Subgrupo C1, a cal foi provista por medio de concurso entre funcionarios doutras Administracións Públicas, publicada a convocatoria no BOP do 05-02-2019 e DOG do 12-02-2019, rematando o procedemento na data de 25-03-2019 por medio da resolución da alcaldía núm. 190/2019, de nomeamento, publicación no DOG de 15-04-2019. A segunda praza é a de Técnico Superior-Coordinador Xeral, Subgrupo A1, a proveer por medio da promoción interna por concurso-oposición, creada polo acordo do Pleno de data 30-07-2018, elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións, publicado no BOP de data 31-08-2019, sendo a correspondente á presente convocatoria.

No expediente da OPE 2018, consta a xustificación da cobertura por medio da promoción interna da relativa á praza de Técnico Superior-Coordinador Xeral, por non consumir a taxa de reposición consonte á vixente Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado de 2018, prorrogada para 2019.

No Orzamento Municipal de 2019 consta vacante a praza de Técnico Superior-Coordinador Xeral.

Pola resolución da alcaldía núm. 604/2019, de data 9 de outubro de 2019, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras que rexerán o procedemento selectivo para a provisión da praza de Técnico Superior-Coordinador Xeral deste concello, publicándose íntegramente no BOP núm. 203 de 24-10-2019, taboleiro de anuncios e na páxina web municipal. Advertido erro nas bases, procedeuse á súa corrección por medio da resolución da alcaldía núm. 9/2020, do 10-01-2020, publicándose íntegramente na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

No DOG núm. 221, do 20-11-2019, publicouse o anuncio da convocatoria. O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o seguinte hábil ao da publicación deste anuncio no DOG.

Durante o prazo hábil para a presentación de solicitudes foron presentadas as seguintes:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	***0609**	3911 05-12-2019

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitido ao non haber excluídos ao procedemento selectivo para a provisión do posto de traballo vacante "Técnico Superior-Coordinador Xeral", consonte á base Quinta:

#### ADMITIDOS:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	***0609**	3911 05-12-2019

#### EXCLUÍDOS:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO
NINGÚN	-	-

**Segundo.-** Expoñer ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal a devandita lista definitiva de aspirantes admitidos.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**Terceiro.-** Nomear aos membros do Tribunal cualificador, funcionarios de carreira, que xulgarán o procedemento selectivo consonte ao establecido nas bases reguladoras e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP:

Presidente: D. Adrián Juan Márquez Caramés, Secretario do Concello de Abegondo.

Suplente :D<sup>a</sup>. Marta Vázquez Garea, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños

Secretaria: Lucía Rodríguez Mata, Interventora do Concello de Ponteceso.

Suplente: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario do Concello de Ponteceso.

Vogais:

Primeiro.- D<sup>a</sup>. María Graciela Riveira Moreira, funcionaria, Secretaria do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Suplente: D<sup>a</sup>. Elena Encinas Pena, Tesoureira do Concello de Betanzos.

Segundo.- D. José Martínez Názara, Técnico de A.E, Coordinador das áreas de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello de Cambre.

Suplente: D. Óscar Souto Muiño, Técnico A.E., Enxeñeiro Xefe do Concello de Cambre.

Terceiro.- D. Carlos Pérez González, Técnico de A.X, Xefe do Servizo de Planeamento do Concello da Coruña.

Suplente: D. Arturo Antonio Abad Pardo, Técnico de A.X., Xefe do Departamento de Intervención Urbanística do Concello da Coruña.

A actuación do Tribunal cualificador deberá axustarse ás Bases da convocatoria e estará facultada para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no curso do proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo en todo o non previsto nestas normas. O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nesta resolución e determinará a actuación procedente nos casos previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A abstención e recusación dos membros do Tribunal no seu caso, realizarase consonte ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Fixar a data de consituición do Tribunal cualificador para xulgar o procedemento selectivo e convocar aos seus membros e aos aspirantes admitidos no lugar, para a realización do primeiro exercicio, na data e hora seguinte:

Lugar	Data	hora
Salón de Plenos do Concello de Ponteceso	05-02-2020	10.30

**Quinto.-** Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ponteceso, 23 de xaneiro de 2020.

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 23/01/2020 12:50:00) , Emilio Caimoz Quintás (FECHA: 23/01/2020 13:12:00)

Decreto N°: 43/2020 - Fecha de decreto: 23/01/2020

versión imprimible

CVD: 9nm02a4aEkFNSYzZGFX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

O Alcalde

Diante miña, dou fe:  
O secretario acctal.

FIRMADO POR Xosé Lois García Carballido (FECHA: 23/01/2020 12:50:00) , Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 23/01/2020 13:12:00)

Decreto N.º: 43/2020 - Fecha de decreto: 23/01/2020

Versión imprimible

CVD: 9nm02a4aEKFN5YzZGFX  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

